



NOTA INFORMATIVA

ACREDITACIÓN FAMILIA MONOPARENTAL

Segundo se recolle na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, na Sección 2ª Familias monoparentais, Artigo 13, e as Instrucións do Director Xeral de Educación, segundo o establecido no artigo 6g:

g) Enténdese por familia monoparental a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor/a non contribúa economicamente ao seu sustento.

Para a valoración do criterio de familia monoparental, a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección xeral de familia, infancia e dinamización demográfica da Consellería de política social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.

A efectos da certificación de recoñecemento de familia monoparental as persoas interesadas deberan dirixirse ao seguinte servizo:

Dirección xeral de familia e dinamización demográfica
Subdirección xeral de política familiar
Servizo de protección de menores
Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 881 999 011